

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 17 DE XULLO DE 2015.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 17 de xullo de 2015, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

D^a. YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN. (PSG-PSOE).

D. JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE).

D^a. MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ (PSG-PSOE).

D^a. MARÍA DEL CARMEN REY TÚÑEZ (PSG-PSOE).

D^a. MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA (PSG-PSOE).

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE).

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE).

D. FRANCISCO JAVIER BLANCO SÁNCHEZ. (PSG-PSOE).

D. JOSÉ DAVID GARCÍA ARCOS. (PP)

D^a. PATRICIA AGRAFOJO LOIS. (PP)

D. XESÚS PENA ESPÍÑA. (BNG)

D. XOSÉ LUIS PENAS CORRAL (BNG).

Non asisten:

Secretario: D. JOSE MANUEL GONZÁLEZ GARCÍA, secretario do Concello.

Asiste a Interventora do Concello D^a. MARGARITA FERNÁNDEZ SOBRINO.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

-
- 1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO 13 DE XUÑO DE 2015.
 - 2º) DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO.
 - 3º) CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.
 - 4º) NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO EN ÓRGANOS COLEXIADOS.
 - 5º) DETERMINACIÓN DO RÉXIME DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS DO CONCELLO E DIETAS POR ASISTENCIA A SESIÓNS DE ÓRGANOS COLEXIADOS.
 - 6º) DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.
 - 7º) DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS.
 - 8º) DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E TENENTES DE ALCALDE, DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA XUNTA DE GOBERNO E SOBRE APROBACIÓN DA ESTRUTURA ORGANIZATIVA DO CONCELLO E DELEGACIÓNS XENÉRICAS.

9º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2015.

10º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME SOBRE CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 20154.

11º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO ANUAL DO PLAN DE SANEAMENTO. ANUALIDADE 2014.

12º) DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN TRIMESTRAL DO ORZAMENTO. 1º TRIMESTRE DE 2015.

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO 13 DE XUÑO DE 2015.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión do 13 de xuño de 2015, advertindo os Sres. Pena Espiña e García Arcos a existencia de varias erratas na transcripción do nome e apelidos do propio D. Xesús Pena Espiña e de Dª. María del Carmen Rey Túdez.

Coas correccións indicadas e sometida a votación, o Pleno do Concello, por unanimidade dos trece membros presentes, aproba a acta da sesión do 13 de xuño de 2015.

2º) DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 13 de xullo de 2015, que transcrita di:

“**D. José Luis García García**, Alcalde- Presidente do Concello de Brión, no exercicio das facultades que lle confiren o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG), propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO, non obstante resolverá o que estime conveniente:

Visto que o 13 de xuño de 2015 se constituíu a Corporación Municipal do Concello de Brión para o mandato 2015- 2019.

Considerando que o Pleno da Corporación é un órgano necesario en todos os concellos e que, segundo dispón o art. 46.2 LBRL, debe celebrar as súas sesións ordinarias cunha periodicidade mínima de dous meses nos concellos cunha poboación de entre 5.001 e 20.000 habitantes.

Considerando que o art. 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF) dispón que dentro dos 30 días seguintes ao da sesión constitutiva da Corporación o Alcalde convocará sesión extraordinaria do Pleno a fin de resolver, entre outras cuestións, sobre o nomeamento dos representantes da Corporación nos órganos colexiados que sexan da competencia do Pleno.

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

Único.- Fixar a data de celebración das sesións ordinarias do Pleno da Corporación o terceiro mércores dos meses pares (febreiro, abril, xuño, agosto, outubro e decembro) ás 13 horas. O Pleno correspondente ao mes de agosto trasladarase ao primeiro mércores do mes de setembro. En casos excepcionais e debidamente xustificados poderá adiantarse ou retrasarse pola Alcaldía a celebración do Pleno ordinario un máximo dunha semana, debendo en todo caso o Pleno como primeiro punto da orde do día ratificar a decreto da Alcaldía de cambio do día de celebración. No caso de coincidir en festivo trasladarase ao día inmediato hábil posterior.”

D. Xesús Pena Espiña indica que na proposta non se fixa hora de celebración das sesións, polo que supón que será a mesma que ata o de agora. Na súa opinión, sería conveniente que, de ser posible, se fixase como hora dos plenos a derradeira hora da tarde para facilitar a asistencia do público e dos concelleiros.

O Sr. Alcalde sinala que se vai manter a mesma hora de celebración das sesións que ata o de agora, as 13:00 horas, polo que vai manter a proposta nos seus termos.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9) e PP (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 2 (BNG).

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

3º) CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 13 de xullo de 2015, que transcrita di:

“**D. José Luis García García**, Alcalde- Presidente do Concello de Brión, no exercicio das facultades que lle confiren o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG), propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO, non obstante resolverá o que estime conveniente:

Visto que o 13 de xuño de 2015 se constituíu a Corporación Municipal do Concello de Brión para o mandato 2015- 2014.

Considerando que o 20.1.c) LBRL establece que nos concellos de máis de 5.000 habitantes existirán órganos que teñan por obxecto o estudio, informe e consulta dos asuntos que deben ser sometidos á decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión do Alcalde, Xunta de Goberno Local e concelleiros que ostenten delegacións e que todos os grupos políticos integrantes da Corporación terán dereito a participar neses órganos coa presenza de concelleiros pertencentes aos mesmos en proporción ao número dos que teñan no Pleno e que, segundo o art. 20.1.e) LBRL a Comisión Especial de Contas debe existir en tódolos municipios.

Considerando que o art. 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF)) dispón que dentro dos 30 días seguintes ao da sesión constitutiva da Corporación o Alcalde convocará sesión extraordinaria do Pleno a fin de resolver, entre outras cuestións, acerca da creación e composición das comisións informativas permanentes.

Considerando o establecido nos arts. 66 e 68 LOUG e o disposto nos arts. 123 a 127 ROF sobre o réxime xurídico das comisións informativas.

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

Primeiro.- Crear as comisións informativas permanentes que se relacionan de seguido:

- a) Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá : terá atribucións nas materias relativas ao funcionamento administrativo do concello e as súas relacións con outras Administracións, economía, desenvolvemento económico, de transparencia

da Administración Local e participación veciñal nos asuntos municipais. Así mesmo, actuará como Comisión especial de contas.

- b) Comisión Informativa de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos: terá atribucións nas materias relativas á ordenación territorial que lle afecte ao concello, ao urbanismo, ás cuestións medioambientais, aos aspectos relacionados co medio rural e aos servizos públicos.
- c) Comisión Informativa de Política Social e Cultura: terá atribucións nas materias relativas a servizos sociais, igualdade, sanidade e cultura.

As comisións informativas teñen como función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno e da Xunta de Goberno Local, cando actúe con competencias delegadas do Pleno, agás cando deban adoptarse acordos declarados urxentes. Tamén informará naqueles asuntos que non sendo de competencia plenaria así o decidan expresamente o alcalde ou a Xunta de Goberno Local. Así mesmo, correspóndelle o seguimento da xestión do alcalde, da Xunta de Goberno Local e das Concellerías que ostenten delegacións, sen prexuízo da competencia de control do Pleno.

A Comisión Especial de Contas, de existencia preceptiva, exercerá as funcións atribuídas polo artigo 116 da LRBRL: informe das Contas Anuais da Corporación.

Segundo.- As comisións informativas do Concello de Brión terán a seguinte composición:

- a) Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá:
 - Presidente: o Alcalde.
 - Tres representantes do grupo municipal do PSdG- PSOE: D^a. Yolanda Bouzas Alfonsín, D. José Pedro Cambón Fernández e D^a. María Guarina Rey Vázquez.
 - Un representante do grupo municipal do PP.
 - Un representante do grupo municipal do BNG.
- b) Comisión Informativa de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos:
 - Presidente: o Alcalde.
 - Tres representantes do grupo municipal do PSdG- PSOE: D. José Luis Sampedro Bouzas, D.Francisco Javier Blanco Sánchez e D^a. María Rosa Romero Fariña.
 - Un representante do grupo municipal do PP.
 - Un representante do grupo municipal do BNG.
- c) Comisión Informativa de Política Social e Cultura:
 - Presidente: o Alcalde.
 - Tres representantes do grupo municipal do PSdG- PSOE: D^a. Yolanda Bouzas Alfonsín, D^a. María Guarina Rey Vázquez e D^a. María Carmen Rey Túdez.
 - Un representante do grupo municipal do PP.
 - Un representante do grupo municipal do BNG.

A designación concreta dos membros de cada comisión e do seu suplente realizarase mediante escrito do voceiro de cada grupo político dirixido ao Alcalde- Presidente. Desa designación darase conta ao Pleno na seguinte sesión que celebre.

Terceiro.- O Alcalde- Presidente poderá delegar a presidencia das comisións informativas en calquera membro da Corporación, a proposta da propia comisión, logo da elección efectuada no seu seo.

Cuarto.- As comisións informativas axustarán o seu funcionamento ao regulado nos arts. 123 a 127 e 134 a 138 do ROF e no Regulamento orgánico municipal.”

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde para indicar que quere facer un comentario sobre a estrutura e organización do concello, máis alá de dar conta simplemente da nova estrutura organizativa. Continúa a súa intervención detallando os eixos da acción futura do equipo de goberno nos eidos de persoal, goberno municipal e atención aos veciños.

D. José Luis García García tamén dá conta de que vai ter unha dedicación na Deputación Provincial e renunciará á do concello, de xeito que se vai aforrar coa nova estrutura. Conclúe a súa intervención invitando aos grupos da oposición a participar na xestión municipal a través das comisións informativas pois di que iso é o que se pretende coa proposta que se debate.

D. Xesús Pena Espiña pregunta se vai haber 3 ou 4 comisións informativas.

O secretario explica que vai haber 3, actuando tamén como Comisión Especial de Contas a de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá.

O Sr. Pena Espiña di que a proposta recolle a estrutura organizativa deste goberno municipal e que, polo ben do concello, agardan que sexa eficaz. Engade que o seu grupo estará nas comisións informativas debatendo e votando as propostas que se presenten pero reitera que a presente é a organización do goberno e nese punto non teñen nada que dicir ao respecto.

D. José Luis García García considera que a proposta recolle a organización máis adecuada e que, ademais, vai favorecer a participación dos grupos políticos.

D. José David García Arcos manifesta que non lles desgusta a organización proposta e adianta que o seu grupo vai exercer un labor, non só de control, senón tamén achegando propostas e participando activamente. Agardan, tamén, que esta organización funcione ben polo interese do concello.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9) e PP (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 2 (BNG).

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

4º) NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 13 de xullo de 2015, que transcrita di:

“**D. José Luis García García**, Alcalde- Presidente do Concello de Brión, no exercicio das facultades que lle confiren o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG), propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO, non obstante resolverá o que estime conveniente:

Visto que o 13 de xuño de 2015 se constituíu a Corporación Municipal do Concello de Brión para o mandato 2015- 2019.

Considerando que o art. 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF) dispón que dentro dos 30 días seguintes ao da sesión constitutiva da Corporación o Alcalde convocará sesión extraordinaria do

Pleno a fin de resolver, entre outras cuestións, sobre o nomeamento dos representantes da Corporación nos órganos colexiados que sexan da competencia do Pleno.

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

Primeiro.- Designar aos representantes do Concello de Brión nos órganos colexiados dos que forma parte:

a) Mancomunidade de Concellos “Serra do Barbanza”.

- Asemblea da Mancomunidade.
 - O Alcalde- Presidente.
 - Un concelleiro do PSdG- PSOE: D. Jesús Quintela Vázquez.
 - Un concelleiro do grupo municipal do PP.
 - Un concelleiro do grupo municipal do BNG.
- Xunta da Mancomunidade.
 - O Alcalde- Presidente.
 - Un concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE: D^a. Yolanda Bouzas Alfonsín, en representación do grupo PSdG-PSOE da Mancomunidade.

b) Mancomunidade de Santiago.

- O Alcalde- Presidente.

c) Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar.

- O Alcalde- Presidente.
- Suplente: D^a Yolanda Bouzas Alfonsín

d) Consellos Escolares de centros docentes: IES de Brión; CEIP de Pedrouzos; Escola de Os Ánxeles; Escola de Bastavales; Escola de Luaña:

- D^a. Yolanda Bouzas Alfonsín.

A designación dos membros de órganos colexiados polos grupos políticos, cando proceda, realizarase mediante escrito do voceiro de cada grupo político dirixido ao Alcalde- Presidente.

Segundo.- Notificar persoalmente este acordo aos concelleiros designados para os efectos da aceptación dos nomeamentos conferidos que, en todo caso, se entenderán aceptados tacitamente se no prazo de tres días hábiles contados desde o seguinte ao de notificación non realizan manifestación expresa en contrario.

Terceiro.- Dar conta deste acordo ás Administracións e entidades de cuxos órganos colexiados forma parte o Concello de Brión.”

Non se producen intervencións.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

5º) DETERMINACIÓN DO RÉXIME DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS DO CONCELLO E DIETAS POR ASISTENCIA A SESIÓNS DE ÓRGANOS COLEXIADOS.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 13 de xullo de 2015, que transcrita di:

“ASUNTO: RÉXIME DE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS DO CONCELLO E DIETAS POS ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS.

Constituída a nova Corporación, en sesión celebrada o día trece de xuño, como consecuencia das eleccións locais do día 24 de maio, procede a adopción de acordos sobre retribucións por dedicación exclusiva e asistencias a órganos colexiados.

O volume de servizos, actividades e expedientes de diversa natureza deste concello fan necesario, para o seu adecuado seguimento e atención específica, que diversos membros do equipo de goberno desempeñen o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva e parcial.

Considerando que, de conformidade co disposto polo artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e polo artigo 13.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, os membros das Corporacións Locais teñen dereito a percibir retribucións polo exercicio do seu cargo cando o desempeñen en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

Entendo que os cargos de Alcalde e Concelleiro/a responsable das áreas de Política Social; Ensino; Cultura; Desenvolvemento Económico, Réxime Interno e Persoal esixen un réxime de dedicacións e responsabilidade especial, e polo que se fai necesario establecer dúas dedicacións exclusivas.

Así mesmo considerase necesario establecer o réxime de dedicación parcial para o concelleiro/a responsable das áreas de Deportes; Actividades Extraescolares e Música.

Visto o informe emitido pola intervención municipal o día 13 de xullo de 2015.

Propónse a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Establecer o réxime de dedicación exclusiva para o desempeño dos seguintes cargos:

1. Alcalde-Presidente.
2. Concelleiro/a responsable das áreas de Política Social; Ensino; Cultura; Desenvolvemento Económico, Réxime Interno e Persoal .

Segundo.- Establecer o réxime de dedicación parcial para o desempeño do seguinte cargo:

1. Concelleiro/a responsable das áreas de Deportes; Actividades Extraescolares e Música.

Terceiro.- Aprobar o réxime retributivo dos seguintes cargos:

Cargos	Importe bruto anual(14 mensualidades)	Importe bruto mensual	Grao de responsabilidade
Alcalde/Presidente	42.309,54	3.022,11	Dedicación exclusiva (37,5 horas semanais)
Concelleiro/a responsable das áreas de Política Social; Ensino; Cultura; Desenvolvemento Económico, Réxime Interno e Persoal	23.870,00 €	1.705,00 €	Dedicación exclusiva (37,5 horas semanais)
Concelleiro/a responsable das áreas de Deportes; Actividades Extraescolares e Música	9.100,00€	650,00€	Dedicación parcial(20 horas semanais)

Fíxase un tempo mínimo de dedicación que será de trinta e sete horas e media semanais, para as dedicacións exclusivas, a mesma que a establecida para o persoal o servizo deste Concello. O desempeño das funcións realizarase tanto dentro do Concello como fora do mesmo, entendendo que no tempo de dedicación establecido inclúense as actuacións dentro e fora do termino municipal, sempre que se trate actuacións necesarias de representación e defensa dos intereses do Concello.

Fíxase un tempo mínimo de dedicación que será de 20 horas semanais, para a dedicación parcial. O desempeño das funcións realizarase tanto dentro do Concello como fora do mesmo, entendendo que no tempo de dedicación establecido inclúense as actuacións dentro e fora do termino municipal, sempre que se trate actuacións necesarias de representación e defensa dos intereses do Concello.

As retribucións percibiranse en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e os dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e levan aparelado os custes sociais correspondentes.

O Alcalde deveñará retribucións asignadas desde o día do seu nomeamento e toma de posesión outorgándolle efectos retroactivos ao día 13.06.2015 á alta na seguridade social.

O Concelleiro/a responsable das áreas de Política Social; Ensino; Cultura; Desenvolvemento Económico, Réxime Interno e Persoal percibirá as retribucións establecidas con efectos do día en que se acepte o réxime de dedicación, data na que se dará de alta na Seguridade Social.

O Concelleiro/a responsable das áreas de Deportes; Actividades Extraescolares e Música percibirá as retribucións establecidas con efectos con efectos do día en que se acepte o réxime de dedicación, data na que se dará de alta na Seguridade Social.

A percepción das retribucións correspondentes ao réxime de dedicación exclusiva é incompatible con calquera outra remuneración con cargo os orzamentos das administracións públicas ou das entidades vinculadas ou dependentes das mesmas.

Terceiro.- Aprobar os importes correspondentes por asistencia ás sesións do Pleno, Xunta de Goberno e das Comisións de que formen parte;

- 100 € por Pleno ou Xunta de Goberno.

- 75€ por Comisión

Cuarto.- Aprobar expediente de modificación das bases de execución do orzamento número 70, para adaptala o novo réxime retributivo acordado e que queda redactada nos seguintes termos:

BASE 70ª RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

1. Aqueles membros da Corporación que desenrolen as súas actividades en réxime de dedicación exclusiva ou parcial percibirán as seguintes retribucións brutas, sen prexuízo de ser indemnizados polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo.

- O Alcalde- Presidente recibirá como retribución, en réxime de dedicación exclusiva, catorce mensualidades de 3.022,11 € cada unha.

- Concelleiro/a responsable das áreas de Política Social; Ensino; Cultura; Desenvolvemento Económico, Réxime Interno e Persoal recibirá como retribución, en réxime de dedicación exclusiva, catorce mensualidades de 1.705,00 € cada unha.

A percepción das retribucións correspondentes ao réxime de dedicación exclusiva é incompatible con calquera outra remuneración con cargo os orzamentos das administracións públicas ou das entidades vinculadas ou dependentes das mesmas.

- O Concelleiro/a responsable das áreas de Deportes; Actividades Extraescolares e Música recibirá como retribución, en réxime de dedicación parcial, catorce mensualidades de 650,00 € cada unha.

Exclúense destes importes os trienios aos que no seu caso teñan dereito por atoparse en situación de servizos especiais.

2. Os gastos de locomoción que se produzan como consecuencia de desprazamentos por comisión de servizos ou xestións oficiais dispostas pola Corporación, polo Alcalde ou por outros órganos competentes serán indemnizadas polo importe do billete ou pasaxe utilizado previa a presentación dos correspondentes xustificantes. A indemnización que se percibirá como gasto de viaxe polo uso do vehículo particular será de 0,19 euros por quilómetro recorrido

3. Os membros da Corporación terán dereito a ser indemnizados mediante dietas polo importe establecido para o Grupo I no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.

4. No que se refire a indemnizacións, os membros de la Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial percibirán, por asistencia ás sesións do Pleno, Xunta de Goberno e das Comisións de que formen parte, as seguintes cantidades :

- 100 € por Pleno ou Xunta de Goberno.

- 75 € por Comisión

En caso de que nun mesmo día se celebren dúas ou máis sesións ,só se recoñecerá a obriga ó pago do importe correspondente a unha única sesión , a de maior importe. No obstante si estas tivesen lugar en horario de mañá e máis en horario de tarde , recoñecerase a obriga de pago por cada unha das sesións.

Aos efectos de xustificar o dereito ao cobro das indemnizacións, por asistencias ás sesión do Pleno,Xunta de Goberno e Comisións, polos membros da corporación, por parte da secretaría do Concello emitirase un certificado por cada sesión celebrada no que deberase acreditar a asistencia ou non ás mesmas.”

D. Xesús Pena Espiña sinala que as dedicacións que se propoñen son as mesmas que as do anterior mandato, que logo mudaron. Engade que agardan que os concelleiros con dedicación sexan eficaces e cumpran coas súas funcións. Conclúe a súa intervención indicando que se trata dunha proposta de retribucións do goberno municipal, non do seu grupo.

D. José David García Arcos manifesta que están de acordo coas dedicacións propostas e engade que no seu programa levaban unha proposta semellante, acorde co crecemento e o incremento de responsabilidade dos concelleiros.

O Sr. Alcalde explica que o presente é un acordo que deben tomar e que, aínda que o seu salario non se modifica, adianta que vai cobrar da Deputación Provincial e renunciar ao soldo do concello, de xeito que unicamente percibirá dietas por asistencias, como os concelleiros sen dedicación.

D. Xesús Pena Espiña pregunta se varían as asignacións económicas aos grupos políticos e se esa cuestión debía incluírse na proposta que se debate.

A Sra. interventora responde que as asignacións aos grupos políticos son as mesmas do anterior mandato e, ao non modificarse, entenden que non resulta necesario incluílas nunha proposta de acordo.

Non se producen intervencións.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9) e PP (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: BNG (2).

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

6º) DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 13 de xullo de 2015, que transcrita di:

“**D. José Luis García García**, Alcalde- Presidente do Concello de Brión, no exercicio das facultades que lle confiren o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG), propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO, non obstante resolverá o que estime conveniente:

Visto que o 13 de xuño de 2015 se constituíu a Corporación Municipal do Concello de Brión para o mandato 2015- 2019, resultando preciso adoptar os acordos necesarios para a mellor organización administrativa desta entidade.

Visto que as razóns e eficacia e celeridade na adopción de diversos acordos de interese público fan conveniente a delegación de competencias entre os diferentes órganos do concello, polo que se estima conveniente e aconsellable a delegación na Xunta de Goberno Local de diversas atribucións que ten asignadas o Pleno da Corporación, sen prexuízo dos mecanismos de control desas delegacións.

Considerando o disposto nos arts. 22.4 e 47.2 LBRL e nos arts. 51 e 114 a 118 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), que se refiren, en síntese, á delegación de competencias polo Pleno da Corporación e ao réxime xeral das delegacións entre os órganos necesarios do concello.

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias do Pleno da Corporación:

1. As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de toda clase cando o seu importe exceda do 10% dos recursos ordinarios do orzamento ou a súa duración sexa superior a 4 anos.
2. A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa aprobación, aínda que non estean previstos nos orzamentos.
3. As competencias para o outorgamento de concesións e autorizacións e a adquisición e o alleamento de bens e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial, cando o seu valor supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento ou os tres millóns de euros.
4. O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.
5. A declaración de lesividade dos actos do concello.
6. A concertación de operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10% dos recursos ordinarios do orzamento, así como a concertación das operacións de tesouraría cando o importe das operacións vivas en cada momento supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, de conformidade co disposto na Lei reguladora das facendas locais.
7. O establecemento e modificación de prezos públicos por servizos ou actividades que non resulten indispensables para a vida persoal ou social dos particulares, de solicitude ou recepción voluntaria e susceptibles de ser prestados ou realizados polo sector privado.
8. As demais competencias que expresamente lle atribúan as leis.

Consonte ao disposto polo art. 123.1 ROF, as comisións informativas ditaminarán previamente os asuntos que se sometan á decisión da Xunta de Goberno Local en exercicio das competencias delegadas polo Pleno, agás que se trate de asuntos declarados urxentes.

Segundo.- Os actos ditados pola Xunta de Goberno Local no exercicio das competencias delegadas polo Pleno enténdense ditados polo órgano delegante, ao que lle corresponderá, en consecuencia, a resolución dos recursos de reposición que poidan interpoñerse.

Terceiro.- Este acordo producirá efectos desde o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no BOP da Coruña e no taboleiro de editos do concello, de conformidade co previsto no art. 51 ROF.

Cuarto.- Dar conta deste acordo á Xunta de Goberno Local para os efectos da aceptación das competencias delegadas.”

Non se producen intervencións.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

7º) DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Dáse conta da constitución dos grupos políticos municipais que se indican, conformados polos concelleiros que se nomean:

1) GRUPO MUNICIPAL DO PSdG- PSOE: D. José Luis García García, D^a. Yolanda Bouzas Alfonsín, D. José Luis Sampedro Bouzas, D^a. María Guarina Rey Vázquez, D^a. María Carmen Rey Túñez, D^a. María Rosa Romero Fariña, D. Jesús Quintela Vázquez, D. José Pedro Cambón Fernández e D. Francisco Javier Blanco Sánchez.

- Voceiro: D. José Luis García García
- Voceiro suplente: D^a. Yolanda Bouzas Alfonsín

2) GRUPO MUNICIPAL DO PP: D. José David García Arcos e D^a. Patricia Agrafojo Lois.

Voceiro: D. José David García Arcos.

Voceiro suplente: D^a. Patricia Agrafojo Lois.

3) GRUPO MUNICIPAL DO BNG: D. Xesús Pena Espiña e D. Xosé Luis Penas Corral.

- Voceiro: D. Xesús Pena Espiña.
- Voceiro suplente: D. Xosé Luís Penas Corral.

8º) DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E TENENTES DE ALCALDE, DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA XUNTA DE GOBERNO E SOBRE APROBACIÓN DA ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CONCELLO E DELEGACIÓNS XENÉRICAS.

Dáse conta de dúas resolucións da Alcaldía do 10.07.2015, que son do seguinte teor literal:

1ª)

“DECRETO

Visto que o 13 de xuño de 2015 se constituíu a Corporación Municipal do Concello de Brión.

Considerando que, de conformidade co disposto nos artigos 20.1.b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL) e 59.2.b. da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, neste Concello debe existir por imperativo legal unha Xunta de Goberno Local por ter unha poboación de dereito superior a cinco mil habitantes.

Considerando o establecido no art. 23 LBRL e nos arts. 43, 46, e 52 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), resólvo:

1º) Designar como membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes concelleiros:

- D^a. Yolanda Bouzas Alfonsín.
- D. José Pedro Cambón Fernández.
- D. José Luis Sampedro Bouzas.
- D. Francisco Javier Blanco Sánchez.

2º) Nomear Tenentes de Alcalde do Concello de Brión a:

- Primeiro: D^a. Yolanda Bouzas Alfonsín.
- Segundo: D. José Pedro Cambón Fernández.
- Terceiro: D. José Luis Sampedro Bouzas.
- Cuarto: D. Francisco Javier Blanco Sánchez.

Os Tenentes de Alcalde, pola orde do seu nomeamento, substituirán ao Alcalde- Presidente na totalidade das súas funcións nos casos de ausencia, enfermidade, vacante ou impedimento que o imposibilite para o exercicio das súas funcións, de conformidade co previsto nos arts. 46, 47 e 48 ROF.

3º) Delegar na Primeira Tenente de Alcalde a sinatura de certificacións de empadramento, convivencia, servizos prestados e as relativas aos datos contidos en padróns

4º) A Xunta de Goberno Local constituirase nos dez días seguintes á data desta resolución e celebrará as súas sesións ordinarias todos os martes, a contar desde a data da súa constitución, ás 14:00 horas. Por causas xustificadas a Alcaldía poderá adiantar ou atrasar a hora de celebración e, para o caso de ser festivo o día da sesión, esta trasladarase ao día inmediato hábil posterior.

5º) Delegar na Xunta de Goberno as seguintes competencias da Alcaldía:

- A competencia para outorgar licenzas que lle atribúe o artigo 21 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, agás que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local.

- Aprobar os instrumentos de planeamento que desenvolvan o plan xeral cando non lle competa ao Pleno, os instrumentos de xestión urbanística e os proxectos de urbanización.

Darase conta da presente resolución á Xunta de Goberno na súa sesión constitutiva para os efectos da aceptación das competencias delegadas.

6º) Notificar esta resolución aos concelleiros designados, publicala no BOP da Coruña e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde D. José Luis García García en Brión a 10 de xullo de 2015.

O Alcalde,
Asdo. José Luis García García.

Ante mín. O secretario,
Asdo. José Manuel González García.”

2ª)

“DECRETO

Visto que o 13 de xuño de 2015 se constituíu a Corporación Municipal do Concello de Brión.

Considerando que, de acordo co previsto no art. 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) “o Alcalde pode delegar o exercicio das súas atribucións (...)” e que consonte ao art. 23.4 LBRL “o Alcalde pode delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da Xunta de Goberno Local e, onde esta non exista, nos Tenentes de Alcalde, sen prexuízo das delegacións especiais que, para cometidos específicos, poida realizar en favor de calquera concelleiro, aínda que non pertencera a aquela”.

Considerando o disposto nos arts. 43 e 44 e na Disposición Adicional 4ª do RD 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), resolvo:

1º) Establecer a estrutura organizativa dos servizos administrativos do Concello de Brión, que se dividirá nas seguintes áreas:

a) *Área de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá.*

Esta área, baixo a responsabilidade directa do alcalde, que asume as competencias en materia de Facenda, Transparencia e Participación Cidadá, comprenderá as concellerías seguintes:

- *Réxime interior e persoal.*
- *Seguridade Cidadá e Protección Civil.*
- *Novas tecnoloxías e Emprego.*

b) *Área de Ordenación Territorial, Medio Ambiente e Medio Rural.*

Esta área, baixo a responsabilidade directa do alcalde, que asume as competencias nas materias de Obras e Urbanismo, comprenderá as concellerías seguintes:

- *Medio Rural e Obras Públicas.*
- *Servizos Básicos.*

c) *Área de Política Social.*

Esta área, baixo a responsabilidade directa da persoa titular da Concellería de Política Social, que asume as competencias na materia de Ensino, comprenderá as concellerías seguintes:

- *Maiores.*
- *Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade.*

d) *Área de Benestar e Desenvolvemento Comunitario.*

Esta área, baixo a responsabilidade directa da persoa titular da Concellería de Política Social, que asume as competencias nas materias de Cultura e Desenvolvemento Económico, comprenderá as concellerías seguintes:

- *Deportes, Actividades Extraescolares e Música.*

2º) Conferir delegacións xenéricas de servizos nas persoas que se indican, que comprenderá a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, sen a facultade de ditar actos administrativos que afecten a terceiros:

1-. *Política Social, Ensino, Cultura, Desenvolvemento Económico, Réxime Interior e Persoal: D^a. Yolanda Bouzas Alfonsín.*

2-. *Seguridade Cidadá e Protección Civil: D. José Pedro Cambón Fernández.*

3-. *Novas Tecnoloxías e Emprego: D^a. María Guarina Rey Vázquez.*

4-. *Medio Rural e Obras Públicas: D. José Luis Sampedro Bouzas.*

5-. *Mantemento e Control de Servizos Básicos (abastecemento de auga, saneamento e iluminación pública): D. Francisco Javier Blanco Sánchez.*

6-. *Maiores: D^a. María Carmen Rey Túdez.*

7-. *Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade: D^a. María Rosa Romero Fariña.*

8-. *Deportes, Actividades Extraescolares e Música: D. Jesús Quintela Vázquez.*

3º) Notificar persoalmente esta resolución aos concelleiros designados, entendéndose tacitamente aceptadas as delegacións agás manifestación expresa en contrario no prazo de tres días hábiles.

4º) Dispor a publicación desta resolución no BOP da Coruña e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde D. José Luis García García en Brión a 10 de xullo de 2015.

O Alcalde,
Asdo. José Luis García García.

Ante mín. O secretario,
Asdo. José Manuel González García.”

9º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2015.

Dáse conta dos informes da Intervención e Tesouraría municipais sobre cumprimento das previsións establecidas na Lei 5/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondentes ao 1º trimestre do ano 2015.

10º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME SOBRE CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2015.

Dáse conta do informe da Intervención municipal do 24.04.2015 sobre o período medio de pago no 1º trimestre do ano 2015.

11º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO ANUAL DO PLAN DE SANEAMENTO. ANUALIDADE 2014.

Dáse conta do informe da Intervención municipal do 22.06.2015 de avaliación do cumprimento do Plan de Saneamento no exercicio 2014.

12º) DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN TRIMESTRAL DO ORZAMENTO. 1º TRIMESTRE DE 2015.

Dáse conta do estado de execución do Orzamento do Concello de Brión para 2015 no 1º trimestre de 2015, de acordo coa información elaborada con data 06.05.2015 en cumprimento do previsto na Orde HAP/2015/2012 do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde declara rematado o acto, levantándose a sesión ás trece horas e corenta minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde.

O secretario,

Vº e Prace,

José Luis García García.

José Manuel González García.